

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E CONCELLO DA BAÑA PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS POR PARTE DO ESTUDANTADO

REÚNENSE

Dunha banda, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 117, do 20 de xuño, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro.

Doutra, don/dona Jose Antonio Pereira Gil, que actúa en nome e en representación de CONCELLO DA BAÑA, con domicilio social en Praza do Concello s/n, 15863 A Baña e CIF/NIF P1500700H.

Ambas as partes teñen plena capacidade para cumprir o presente convenio de cooperación educativa e

EXPOÑEN

- 1 Que o interese de ambas as entidades é facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudantado universitario e a súa futura inserción laboral.
- 2 Con este fin, acordan establecer un convenio de cooperación educativa de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Acollemento do estudantado

Namentres este convenio estea vixente, está en disposición de acoller estudantes da Universidade de Vigo para realizar prácticas académicas externas, sen que exista ningunha obriga ao respecto. As condicións de cada praza de prácticas recolleranse nun anexo ao presente convenio, no que figurarán polo menos os datos do/a estudante, a duración, a modalidade e o lugar onde se realizan as prácticas, así como o proxecto formativo obxecto da práctica. De fixarse outras formas de colaboración, especificaranse no anexo correspondente que, por parte da Universidade de Vigo, asinará a persoa responsable de prácticas do centro universitario, da titulación de mestrado ou o titor/a académico.

Segunda. Relación entre o estudantado e a institución

Dado o carácter formativo das prácticas académicas externas, da súa realización por parte do alumnado na entidade CONCELLO DA BAÑA, non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo. Pola súa parte, o estudantado comprometerase a gardar o segredo profesional no referido aos traballos obxecto das prácticas e non poderá, en ningún caso, asinar informes, ditames ou similares.

Terceira. Compromisos por parte da entidade colaboradora

No caso de ser unha entidade privada, CONCELLO DA BAÑA non acollerá estudantes en prácticas se estivese incurso nun expediente de regulación de emprego (ERE) na data de inicio da práctica. No caso de que a regulación fose temporal ou só afecte a algúns departamentos en concreto, o/a estudante só poderá realizar as prácticas nas áreas non afectadas polo ERE. Ademais, no caso de ser solicitados, a entidade facilitaralle á Universidade de Vigo os informes que estime oportunos a fin de determinar a idoneidade da entidade colaboradora, así como os datos relativos á dimensión do seu cadro de persoal, segundo consta na relación nominal de traballadores/as (RNT).

Cuarta. Titorización

A Universidade de Vigo, a través dos seus centros docentes ou as propias comisións de mestrados, designará un titor/a académico para cada estudante en prácticas. Pola súa parte, CONCELLO DA BAÑA designará tamén unha persoa con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios para realizar unha tutela efectiva. As persoas que titoricen o/a estudante na entidade colaboradora externa serán quen de comunicar e de facer o seguimento de calquera incidencia que ocorra durante as prácticas. A Universidade de Vigo, a través dos seus centros docentes ou as propias comisións de mestrados, outorgaranlle a esa persoa designada pola entidade a certificación na que se recoñeza a tarefa realizada.

Quinta. Duración

As prácticas curriculares terán como duración máxima correspondente de acordo coa súa cuantificación en créditos na memoria de verificación do título. A duración máxima das prácticas externas extracurriculares axustarase á normativa complementaria desenvolvida pola Universidade de Vigo. Agás as prácticas profesionalizantes, a duración total de prácticas nunha mesma entidade colaboradora, sexan curriculares ou extracurriculares, non poderá exceder os 30 créditos ECTS ao longo da titulación, sexa ou non de forma interrompida, e cuantificaranse para estes efectos 25 horas/crédito (750 horas).

Sexta. Inclusión no réxime xeral da Seguridade Social

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudantado que realice prácticas académicas externas rexerase polo establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do Real decreto 2/2023, do 16 de marzo, e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS).

En relación coas obrigas recollidas ao abeiro da devandita disposición adicional, o estudantado que realice prácticas académicas externas incluídas en programas de formación quedan asimilados a traballadores/as por conta allea no réxime xeral.

En relación coas entidades responsables do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social:

- a) No caso das prácticas remuneradas ou prácticas extracurriculares, a responsabilidade da inclusión no sistema da Seguridade Social do estudantado (é dicir, de levar a cabo as altas e as baixas da cotización e de solicitarlle á TXSS un código de conta de cotización especial) será da empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan as prácticas ou, no caso de programas específicos, das entidades que financien ou xestionen o programa de formación.
- b) No caso das prácticas curriculares de grao, mestrado e títulos propios non remuneradas, a responsabilidade do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social será de modo xeral da Universidade de Vigo.

Sétima. Cobertura de seguros

Calquera eventualidade de accidente ou de responsabilidade civil que se puidese producir no tempo de realización das prácticas estará cuberta, segundo o caso, polo seguro escolar ou polo seguro de accidentes ou de responsabilidade civil contratados para este fin pola Universidade de Vigo.

Oitava. Remuneracións

O/A estudante poderá percibir, se a entidade así o decide, unha remuneración económica ou en especie, axustándose en todo caso á normativa complementaria desenvolvida pola Universidade de Vigo e a disposición adicional do Real decreto lei 2/2023.

Novena. Protección de datos

As partes manifestan coñecer e cumprir a lexislación europea en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, e comprométense a usar correctamente os datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril.

Con respecto aos datos de carácter persoal, as partes comprométense a:

- a) Tratalos coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.
- a) Que non sexan obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.
- b) Que non se cedan a terceiros, agás nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso do seu persoal empregado aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas as partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de dárselle a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Décima. Resolución de conflitos

Créase unha comisión paritaria de seguimento do presente convenio integrada por un/unha representante da Universidade de Vigo e unha/un representante da entidade colaboradora. Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución e garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos. As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. Os conflitos que poidan xurdir polas partes, e que non se poidan resolver na comisión mixta, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

Undécima. Normativa marco

En todo caso, as prácticas realizaranse conforme o regulamento aprobado para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas e o Real decreto polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudantado universitario. Así mesmo, na realización das prácticas deberán respectarse as normas das autoridades sanitarias en vigor, as esixencias preventivas de protección da saúde do estudantado e as resolucións do reitor da Universidade de Vigo.

Duodécima. Vixencia

Este convenio estará vixente desde a data de sinatura e terá unha duración de catro anos. Non obstante, antes de rematar o prazo previsto, se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo terceira. Causas de resolución

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O transcurso do prazo máximo da súa vixencia incluído o período de prórroga establecido nel.
- c) O acordo unánime das persoas asinantes.
- d) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das persoas asinantes.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) Por calquera das causas recollidas na normativa da universidade sobre prácticas externas (o contido do convenio).

Se no momento da rescisión algún ou algunha estudante estivese realizando prácticas, continuará estas ata o remate establecido.

Coa sinatura deste convenio queda derogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio na data da última sinatura electrónica.

Reitor da Universidade de Vigo

Representante da entidade colaboradora

32828782P JOSE
ANTONIO PEREIRA
(R: P1500700H)

Firmado digitalmente por
32828782P JOSE ANTONIO
PEREIRA (R: P1500700H)
Fecha: 2024.04.05 12:20:38
+02'00'